

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DO INTERIOR

**15168** *Real decreto 1306/2011, do 26 de setembro, polo que se regula a tramitación das subvencións estatais anuais para sufragar os gastos de seguridade en que incorran os partidos políticos.*

A Constitución española atribúelles aos partidos políticos unha función esencial en todo Estado democrático: servir de canle para a expresión do pluralismo político, concorrer á formación e manifestación da vontade popular e ser instrumento fundamental para a participación política.

Mediante a Lei orgánica 1/2003, do 10 de marzo, para a garantía da democracia nos concellos e a seguridade dos concelleiros, modificáronse determinadas normas do noso ordenamento xurídico para permitir facer realidade a decisión de illar os terroristas, garantindo unha maior eficacia no uso dos recursos de que pode dispor o noso sistema político. En concreto modificouse o artigo 3 da Lei orgánica 3/1987, do 2 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, introducindo o seguinte parágrafo: «*Igualmente, poderase incluír nos orzamentos xerais do Estado unha asignación anual para sufragar os gastos de seguridade en que incorran os partidos políticos para manter a súa actividade política e institucional*».

Posteriormente, a citada Lei orgánica 3/1987, do 2 de xullo, foi derogada pola Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, xa que durante o transcurso de vinte anos desde a aprobación daquela a sociedade experimentara moitos cambios políticos e económicos, como o rápido desenvolvemento das novas tecnoloxías, a incorporación do Estado español á Unión Económica e Monetaria e a consolidación do sistema democrático. Na vixente Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, mantívose a modificación introducida pola Lei orgánica 1/2003, do 10 de marzo, relativa á posibilidade de incluír nos orzamentos xerais do Estado unha asignación anual para sufragar os gastos de seguridade en que incorran os partidos políticos.

Finalmente, con este real decreto dáse cumprimento ao requirimento explicitamente efectuado pola Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas e ás reiteradas recomendacións dos informes anuais do supremo órgano fiscalizador das contas e da xestión económica do Estado. A Resolución do 22 de xuño de 2010 aprobada pola citada Comisión en relación co informe de fiscalización dos estados contables do exercicio de 2006 dos partidos políticos con representación parlamentaria nas Cortes Xerais ou nas asembleas lexislativas das comunidades autónomas, acordou no punto décimo quinto que: «*o Goberno desenvolva normativamente o réxime aplicable á subvención en concepto de gastos de seguridade, delimitando claramente a natureza dos ditos gastos, así como o período de devengo e a xustificación sobre o cumprimento da finalidade para a cal son outorgadas, para efectos de garantir unha maior seguridade xurídica e facilitar a súa fiscalización por parte do Tribunal de Contas*».

Dada a súa condición de asociacións directamente afectadas polo contido deste real decreto, e a definición que da súa función efectúa a Constitución no seu artigo 6, deuse audiencia del aos partidos políticos en virtude do disposto polo artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Por todo isto, tendo en consideración a Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, e a Resolución do 22 de xuño de 2010 aprobada pola Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas, e na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, o informe da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de setembro de 2011,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e réxime xurídico.*

Este real decreto ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario do procedemento de concesión das subvencións estatais anuais para sufragar os gastos de seguridade en que incorran os partidos políticos para manter a súa actividade política e institucional reguladas no artigo 3.1, parágrafo segundo, da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O Estado poderá outorgar subvencións para sufragar os gastos de seguridade aos partidos políticos, federacións ou coalicións de partidos con representación no Congreso dos Deputados.

Tamén se poderán outorgar subvencións aos elixidos que fosen presentados polas agrupacións de electores para sufragar os gastos de seguridade derivados do exercicio da súa actividade e do sostemento, se é o caso, da infraestrutura e organización necesarias para o desempeño das súas funcións.

#### Artigo 3. *Órgano competente para resolver.*

A tramitación e resolución dos expedientes de concesión das subvencións para sufragar gastos de seguridade corresponde á Dirección Xeral de Política Interior do Ministerio do Interior.

#### Artigo 4. *Publicidade.*

A Dirección Xeral de Política Interior publicará trimestralmente no «Boletín Oficial del Estado» as cantidades concedidas en cada período a cada entidade política, con expresión do programa e crédito orzamentario a que se imputen, entidade beneficiaria, cantidade concedida e finalidade da subvención.

## CAPÍTULO II

### Beneficiarios

#### Artigo 5. *Beneficiarios.*

Os beneficiarios das subvencións estatais anuais para sufragar gastos de seguridade serán os enumerados no artigo 2.

#### Artigo 6. *Obrigas dos beneficiarios.*

Son obrigas dos beneficiarios as seguintes:

- a) Utilizar os fondos para financiar actividades subvencionables realizadas durante o período a que correspondan as subvencións conforme o establecido neste real decreto.
- b) Presentar a xustificación do citado cumprimento ante o Tribunal de Contas, para efectos do exercicio das competencias de control externo, conforme o establecido no capítulo V, e someterse ás actuacións de comprobación requiridas achegando canta información lle sexa solicitada no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Acreditar ante a Dirección Xeral de Política Interior, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión, estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como facilitar os datos identificativos

requiridos do partido (imprescindible o NIF) e os datos da conta corrente da entidade financeira onde desexe percibir a subvención.

A acreditación de estar ao día das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social verificarase mediante a autorización que outorgue o partido político á Dirección Xeral de Política Interior para que obteña, de forma directa a través de certificados telemáticos, a acreditación de estar ao día das ditas obrigas.

Non se poderá realizar o pagamento destas subvencións mentres o beneficiario non acredite estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Os datos correspondentes ás contas correntes a que se deban transferir mensualmente as cantidades asignadas a cada partido político poderán ser facilitados mediante certificación bancaria en que se reflicta a entidade política e o código internacional de conta bancaria (código IBAN), ou cubrindo o anexo 2 da Orde do ministro da Presidencia do 19 de xuño de 2002, pola que se regula o procedemento para o pagamento de obrigas da Administración xeral do Estado.

d) Dispor dos libros contables e rexistros dilixenciados nos termos previstos no artigo 14 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, así como dos demais documentos xustificativos das actividades subvencionadas coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control externo.

e) Conservar os documentos orixinais xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, e pór á disposición do Tribunal de Contas aqueles documentos orixinais que sexan requiridos en relación coas actuacións de control.

f) Presentar ante o Tribunal de Contas, no prazo e nos termos previstos no capítulo V, os rexistros contables relativos á dita subvención e a conta xustificativa da súa aplicación.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos neste real decreto.

### CAPÍTULO III

#### **Gastos de seguridade subvencionables**

##### *Artigo 7. Protección das sedes dos partidos políticos.*

Consideraranse gastos subvencionables os seguintes:

a) Persoal de seguridade: custos de contratación do dito servizo ou, se é o caso, retribución bruta do persoal contratado para esta finalidade e outros custos derivados.

b) Acondicionamento, instalación e mantemento da seguridade das sedes: persianas e cristais de seguridade, instalación de alarmas, servizos de conexión con centrais receptoras de alarmas, instalacións eléctricas, portas e pechaduras de seguridade, videocámaras, gravador de imaxes 24 horas, mecanismos de detección de accesos, central de control de acceso por tarxeta, sistemas de protección contra roubos e incendios, mangueiras interiores de extinción de incendios, extintores, detectores de raios x, escáneres ou outros instrumentos de similar natureza.

##### *Artigo 8. Protección das persoas.*

Consideraranse gastos subvencionables os seguintes:

a) Persoal de escolta: custos de contratación do dito servizo ou, se é o caso, retribución bruta do persoal contratado, así como os gastos inherentes ao exercicio das súas funcións.

b) Vehículos blindados, inhibidores de sinais e GPS para os vehículos, e auriculares de teléfonos de confidencialidade nos vehículos.

Artigo 9. *Protección da información.*

Consideraranse gastos subvencionables os seguintes:

- a) Software para controis de acceso ás sedes.
- b) Software para a protección da información.
- c) Hardware relacionado coa seguridade.

Artigo 10. *Protección de actos públicos e eventos.*

Consideraranse gastos subvencionables, relacionados coa organización e realización de actos públicos e eventos por parte dos partidos políticos, os seguintes:

- a) Persoal de seguridade: custos de contratación do dito servizo ou, se é o caso, retribución bruta do persoal contratado para esta finalidade e outros custos derivados.
- b) Acondicionamento dos espazos, lugares ou locais destinados á realización de actos ou eventos, incluíndo as instalacións e mecanismos de seguridade relacionados no artigo 7.b).

## CAPÍTULO IV

### Procedemento de concesión

Artigo 11. *Nacemento do dereito e o seu devengo.*

1. Unha vez consignadas as cantidades nos orzamentos xerais do Estado, o dereito ás subvencións para sufragar gastos de seguridade nacerá desde o momento en que un partido político obteña representación no Congreso dos Deputados, e devengarase anualmente.

2. Tras teren lugar novas eleccións ao Congreso dos Deputados deixaranse de devengar as subvencións, ou producirase a súa modificación en función dos novos resultados obtidos por cada partido.

Artigo 12. *Cuantificación da subvención.*

1. Para determinar o montante da subvención que corresponde a cada partido teranse en conta os seguintes criterios:

a) A contía anual consignada, se é o caso, para estas subvencións na Lei de orzamentos xerais do Estado. A dita contía poderase revalorizar, adecuando, como mínimo, ao índice de prezos de consumo a cantidade asignada para esta subvención para o exercicio que corresponda, de acordo co disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo. A adecuación realizarase co índice publicado polo Instituto Nacional de Estatística correspondente ao mes de abril do ano anterior ao exercicio que corresponda.

b) O número de escaños e de votos obtidos por cada partido político nas últimas eleccións ao Congreso dos Deputados.

2. A correspondente consignación orzamentaria dividirase en tres cantidades iguais: unha delas distribuirase en proporción ao número de escaños obtidos por cada partido nas últimas eleccións ao Congreso dos Deputados, e as dúas restantes proporcionalmente a todos os votos obtidos por cada partido nas ditas eleccións.

3. A contía total que corresponda a cada partido político para o pagamento destas subvencións ratearase en doce partes correspondentes a cada un dos meses do ano. Os aboamentos realizaranse por meses naturais, salvo aqueles anos en que haxa eleccións ao Congreso dos Deputados, caso en que se aplicará o previsto no número seguinte.

4. Nos anos en que haxa eleccións ao Congreso dos Deputados, o cálculo realizarase seguindo as seguintes regras:

a) Nos meses anteriores e posteriores a teren lugar as citadas eleccións aplicaranse as regras do punto segundo deste artigo, segundo as eleccións que, en cada caso, se deban tomar como referencia.

b) No mes en que teñan lugar as eleccións, a cantidade orzada correspondente ratearase por días, e actuarase conforme o parágrafo anterior.

5. Os expedientes de pagamento tramitaranse antes do comezo do mes a que correspondan os pagamentos que hai que efectuar, salvo ao inicio de cada exercicio ou cando haxa eleccións ao Congreso dos Deputados, en que pode suceder que o primeiro aboamento comprenda máis dunha mensualidade.

6. Os resultados que se terán en conta para realizar os cálculos correspondentes serán os que se publiquen no «Boletín Oficial del Estado», conforme establece o artigo 108.6 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

7. A Dirección Xeral de Política Interior ditará, de oficio, unha resolución coa contía anual da subvención que corresponda a cada partido político, cuxo contido deberá ser comunicado a este e ao Tribunal de Contas. Semestralmente, a citada dirección xeral comunicará ao Tribunal de Contas os aboamentos realizados no dito período a cada partido político.

#### Artigo 13. *Recurso.*

Contra a resolución mencionada no artigo anterior poderase interpor recurso de alzada ante o subsecretario do departamento, previo á vía contencioso-administrativa, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación do acto, todo isto de conformidade co disposto no artigo 107 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 14. *Aboamento separado.*

Cando un partido que teña dereito á percepción destas subvencións adopte a natureza xurídica de federación ou de coalición, e algún dos seus compoñentes solicite o aboamento separado destas subvencións, procederase da forma seguinte:

1. Se a solicitude se presenta coa conformidade do resto de compoñentes da coalición ou federación, accederase ao aboamento separado das subvencións. O dito aboamento separado producirá efectos a partir do mes seguinte a aquel en que conste na Dirección Xeral de Política Interior a conformidade referida.

2. Cando nos pactos subscritos e comunicados á xunta electoral competente, a que fai referencia o artigo 44.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, se estableza a participación de cada un dos compoñentes da coalición ou federación nos ingresos e cargas, axustarase ao que nos ditos pactos se determine, aínda no suposto de que non exista conformidade entre os diversos compoñentes. O aboamento separado das subvencións producirá efectos a partir do mes seguinte a aquel en que consten na Dirección Xeral de Política Interior os pactos correspondentes.

3. Se a solicitude é efectuada por un dos compoñentes, e non é de aplicación o disposto nos números anteriores, procederase a dar conta ao resto deles co fin de que no prazo de quince días aleguen o que consideren oportuno. Se non se formula ningunha alegación, procederase, no prazo dun mes, ao aboamento separado da subvención á entidade solicitante. Se se formulan alegacións, continuarase aboando conxuntamente as subvencións, e procederase a ditar resolución denegatoria da solicitude. Contra a dita resolución poderase interpor o recurso regulado no artigo 13.

4. Se se ten que proceder ao aboamento separado das subvencións, a Dirección Xeral de Política Interior efectuará a nova cuantificación e tramitará o correspondente

expediente para que, unha vez fiscalizado de conformidade pola Intervención, se notifique a resolución que se dite aos representantes legais das entidades políticas afectadas. Contra a dita resolución poderase interpor o recurso a que se refire o artigo 13.

5. En todo caso, antes de tramitar por separado o aboamento das subvencións será preceptivo o informe favorable do servizo xurídico do departamento.

Artigo 15. *Aboamento das subvencións concedidas.*

A Dirección Xeral de Política Interior transferirá mensualmente as cantidades asignadas a cada partido político. Para estes efectos, comunicará os datos dos partidos indicados no artigo 6.c) deste real decreto á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para dalos de alta ou proceder á súa modificación, co fin de que esta poida efectuar o aboamento dos importes das subvencións mediante transferencia mensual a cada entidade política.

## CAPÍTULO V

### Fiscalización e control da subvención

Artigo 16. *Control externo.*

De acordo co establecido no artigo 16 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, correspóndelle en exclusiva ao Tribunal de Contas o control das subvencións estatais anuais para sufragar os gastos de seguridade das entidades políticas.

Artigo 17. *Prazo de xustificación da subvención.*

O prazo para executar a cantidade percibida en concepto de subvención estenderase ao exercicio orzamentario a que corresponda esta, de forma que se permita ás entidades políticas acometer proxectos de seguridade que respondan ás necesidades de cada unha delas.

As citadas entidades disporán do prazo establecido no artigo 14.7 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, para xustificar as subvencións percibidas.

Artigo 18. *Xustificación da subvención.*

Os investimentos e gastos aplicables á subvención integraranse nos libros de contabilidade e nas contas anuais que se deben presentar ao Tribunal de Contas, clasificados segundo a natureza das operacións correspondentes.

Con independencia da súa integración na contabilidade anual, remitirase, xunto coas contas anuais que se deben presentar ante o Tribunal de Contas, na forma e prazo establecidos no artigo 14.7 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, unha conta xustificativa específica que conterá:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións finalistas da subvención para sufragar gastos de seguridade, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incluirá:

a) Unha relación pormenorizada das operacións imputadas á subvención no exercicio a que se refiran as contas anuais presentadas, clasificadas conforme a tipoloxía establecida no capítulo III, indicando a referencia da factura ou documento de valor probatorio equivalente, a identificación do acredor (nome e identificación fiscal), o importe da factura, o importe financiado con cargo á subvención para gastos de seguridade, a conta contable en que se contabilizou e o número da operación de rexistro contable, a data de emisión de factura e a data de pagamento.

b) As copias debidamente dilixenciadas de facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior, e da documentación acreditativa do pagamento. No caso de que nos citados documentos xustificativos figuren descrições xenéricas dos bens ou servizos facturados, deberase xuntar o orzamento ou documento descritivo similar que permita verificar a natureza e importe dos conceptos facturados. Cando o importe do gasto corresponda a nóminas e outros gastos do persoal de escolta, será compatible a necesaria reserva dos datos persoais coa evidencia do gasto ocasionado, sempre que a documentación presentada permita verificar a efectiva realización da actividade. Os documentos orixinais deberán ser conservados polo partido político para efectos das comprobacións que o Tribunal de Contas considere pertinentes.

c) Se é o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

#### Artigo 19. *Comprobación da subvención.*

O Tribunal de Contas como órgano fiscalizador externo comprobará a xustificación documental da subvención conforme o método que estableza, para cuxo fin revisará a documentación que obrigatoriamente deba presentar o beneficiario.

#### Artigo 20. *Deber de colaboración.*

1. Os partidos políticos estarán obrigados á remisión de cantos documentos, antecedentes, datos e xustificacións lles sexan requiridos polo Tribunal de Contas para o cumprimento da súa función fiscalizadora.

2. Os partidos políticos poderán cumprir coa obriga a que se refire o número anterior pondo á disposición do Tribunal de Contas a información que precise na sede ou dependencia que os funcionarios do Tribunal designen.

3. As entidades que mantivesen relacións de natureza económica cos partidos políticos estarán obrigadas, se son requiridas polo Tribunal de Contas, a proporcionar a este a información e xustificación detallada sobre as súas operacións con eles, de acordo coas normas de auditoría externa xeralmente aceptadas, e para os únicos efectos de verificar o cumprimento dos límites, requisitos e obrigas establecidos neste real decreto.

## CAPÍTULO VI

### **Réxime sancionador e reintegro da subvención**

#### Artigo 21. *Sancións.*

O Tribunal de Contas poderá acordar a imposición de sancións pecuniarias ao partido político infractor nos termos establecidos na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo. No suposto de que un partido político non presente, sen causa xustificada, as contas correspondentes ao exercicio anual relacionadas cos gastos de seguridade ou estas sexan tan deficientes que impidan ao Tribunal de Contas levar a cabo a súa función fiscalizadora, este poderá propor que non sexan libradas ao infractor as subvencións anuais para os seus gastos de funcionamento.

Unha vez que sexan firmes as resolucións sancionadoras do Tribunal de Contas, este comunicarállas á Dirección Xeral de Política Interior para os efectos de que non sexan libradas as subvencións para gastos de funcionamento previstas no artigo 3 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo.

No suposto de que a resolución sancionadora do Tribunal de Contas se refira ao non libramento de subvencións, deberá precisar naquela o período afectado, se é parcial ou total dentro da lexislatura que corresponda, sen dereito a subvención para a entidade política afectada.

Artigo 22. *Reintegro.*

O beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial atendendo aos criterios establecidos no artigo 23.

Artigo 23. *Procedemento.*

1. O Tribunal de Contas, ao comprobar a conta, fixará o importe que, non tendo sido oportunamente xustificado, deberá ser obxecto de reintegro, e comunicarllo á Dirección Xeral de Política Interior.

2. Cando proceda o reintegro, a citada dirección xeral porao en coñecemento do beneficiario mediante resolución en que se determinará o importe neto da débeda, e concederlle un prazo dun mes para que proceda á súa cancelación en efectivo por medio do modelo 069 (carta de pagamento) na provincia que corresponda. Unha vez que a cancele remitirá copia á Dirección Xeral de Política Interior.

3. O inicio do procedemento de reintegro interromperá o prazo de prescrición de que dispón a Administración para exixir o dito reintegro.

4. A resolución do procedemento de reintegro identificará o obrigado ao reintegro, as obrigas incumpridas, a causa de reintegro e o importe da subvención que hai que reintegrar.

5. No suposto de non reintegrar o saldo debedor a entidade política requirida para isto, a Dirección Xeral de Política Interior iniciará o oportuno expediente de reintegro a través da Delegación de Economía e Facenda que corresponda, salvo que a entidade afectada recorra á compensación entre subvencións, regulada no artigo 4 do Real decreto 1907/1995, do 24 de novembro, polo que se regula a tramitación das subvencións estatais anuais e por gastos electorais ás formacións políticas. A Dirección Xeral de Política Interior tamén poderá exixir o reintegro das subvencións indebidas ou inxustificadas instando a iniciación do correspondente procedemento de reintegro ante a xurisdición contable do Tribunal de Contas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguridade pública.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de setembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,  
ANTONIO CAMACHO VIZCAÍNO